

## CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**Obxectivo 1: Coñecer os distintos tipos de números, as súas relacións e propiedades, operar destramente con eles e utilízalos para resolver problemas.**

Criterio 1.1

Clasifica números de distintos tipos e represéntaos sobre a recta de forma exacta ou aproximada.

Criterio 1.2

Interpreta números en notación científica e opera con eles.

Criterio 1.3

Relaciona números fraccionarios e decimais e opera destramente con eles (incluíndo a potenciación de expoñente enteiro).

Criterio 1.4

Resolve problemas con porcentaxes ou fraccións.

**Obxectivo 2: Coñecer e manexar con soltura as progresións aritméticas e xeométricas e aplicarlas a situacións problemáticas.**

Criterio 2.1

Resolve problemas de progresións.

**Obxectivo 3: Manexar con soltura as ferramentas alxébricas e utilízalas para resolver problemas.**

Criterio 3.1

Opera con expresións alxébricas.

Criterio 3.2

Resolve ecuacións e sistemas de ecuacións lineares.

Criterio 3.3

Formula e resolve problemas mediante ecuacións e sistemas.

**Obxectivo 4: Coñecer as figuras planas e espaciais, as súas propiedades, transformacións e relacións métricas, e utilízalas para calcular lonxitudes, áreas e volumes.**

Criterio 4.1

Coñece as figuras xeométricas (planas e espaciais) e aplica as súas propiedades.

Criterio 4.2

Aplica o teorema de Pitágoras e outras propiedades xeométricas ao cálculo dunha lonxitude nunha figura plana ou tridimensional.

Criterio 4.3

Calcula áreas de figuras planas ou espaciais e volumes de corpos xeométricos.

Criterio 4.4

Coñece e aplica as características e propiedades dos distintos movementos do plano.

**Obxectivo 5: Interpretar e representar gráficas que respondan a un contexto, manexando con destreza as funcións lineares.**

Criterio 5.1

Interpreta dentro dun contexto o comportamento dunha función dada pola súa gráfica, e describe os aspectos máis relevantes desta.

Criterio 5.2

Nas funcións lineares, relaciona a expresión analítica coa súa representación gráfica.

Criterio 5.3

Obter a función linear asociada a un enunciado e representala.

**Obxectivo 6: Coñecer os parámetros estatísticos, calculalos a partir dunha táboa de frecuencias e interpretar o seu significado.**

Criterio 6.1

Obtén a media, a desviación típica e o coeficiente de variación a partir dunha táboa de frecuencias e interprétaos.

**Obxectivo 7: Describir algúns sucesos dunha experiencia aleatoria e calcular as súas probabilidades.**

Criterio 7.1

Ante unha experiencia aleatoria sinxela, obtén o espazo de mostra, describe distintos sucesos e cualifícaos segundo a súa probabilidade (seguros, posibles, imposibles, moi probables, pouco probables...).

Criterio 7.2

Aplica a lei de Laplace para calcular a probabilidade de sucesos pertencentes a experiencias aleatorias regulares.

### PROCEDEMENTO DE CUALIFICACIÓN

Co fin de obter a cualificación numérica requirida na avaliación, en cada trimestre teránse en conta tres termos con distinto peso:

- Notas de clase: aporta o vinte por cento da nota, e consiste na valoración do traballo diario a través da revisión das tarefas, cuaderno, atención, interese e comportamento;
- Notas de control: aporta o vinte por cento da nota, e é a media aritmética das probas obxectivas dun tema que se fixeron no trimestre;
- Nota de exame: aporta o sesenta por cento restante, e é a nota da proba do exame único que se fai ao fin de cada trimestre.

É necesario aprobar cada unha das avaliacións que hai durante o curso para obter o aprobado na área.

Hai un exame final en xuño nel que se pode recuperar algún dos trimestres suspensos durante o curso se fose necesario. No caso de non acadar o aprobado en xuño, deberá se examinar en setembro de toda a materia do curso.

Os alumnos coas matemáticas pendentes do curso anterior terán dereito a un exame extraordinario de toda a materia no mes de maio.